



nota de prensa

Veciñanza propón rehabilitar áreas do antigo trazado da N-640 na rúa Bernardo Sagasta

A rehabilitación pode facerse mediante as axudas que dispón o Ministerio de Fomento para os treitos de estradas nacionais que pasaran a travesías urbanas por mor de novos trazados: o Concello de Cuntis debe redactar o proxecto e solicitar a axuda. Esta iniciativa suporía a revitalización e integración de áreas das que se podería aproveitar o seu potencial para aliviar os problemas de estacionamento. Veciñanza lamenta a falta de iniciativa do Goberno Local.

Cuntis. 25 de outubro de 2019

Veciñanza presentará no vindeiro pleno municipal unha moción para a recuperación dos treitos antigos da N640, convertidos en travesía urbana dende a construción do novo trazado. A área coñecida como da “gasolineira vella”, á saída da rúa Bernardo Sagasta, presenta un estado de abandono que ben merece unha atención especial pola súa ubicación. A coñecida como estrada vella do Pinal é a outra área que pode ser obxecto de revitalización.

Existe unha Orde do Ministerio de Fomento do ano 2001 (actualizada en 2005) que establece axudas económicas aos concellos aos que se lles transfiran os treitos que, por mor da construción de alternativas novas, pasen a ter carácter de vías urbanas. É o caso especialmente da área na que conflúen en Cuntis a rúa Bernardo Sagasta e a N640, coñecida como a zona da “gasolinera vella”. É un **espazo idóneo para implementar un proxecto de humanización que o integre no casco histórico de Cuntis, que ben pode ser aproveitado para aliviar os problemas de estacionamento que sofre o núcleo urbano, ademais das repercusións positivas para os establecementos comerciais, veciños/as e visitantes da contorna. O aproveitamento funcional desta área traería tamén unha nova imaxe, en termos estéticos, da entrada sur ao centro da vila, tan descoidada nestes momentos.** Esta zona era no seu momento a entrada e a saída ao casco histórico do Baño, sendo unha das máis transitadas. Esta característica perdeuse cando a remodelación da rúa Bernardo Sagasta a limitou a sentido único de saída. A iniciativa que presenta Veciñanza incluíría a redacción do proxecto por parte do Concello de Cuntis e a solicitude da axuda económica pertinente ao Ministerio de Fomento, que está estipulada en función da lonxitude do treito en cuestión.



nota de prensa

En situación semellante, aínda que máis afastado do casco histórico, se atopa o treito do Pinal, na intersección coa PO226 en dirección a Moraña. De novo é un vial que dá servizo a dous negocios locais e que presenta un estado que sería posible adecentar mediante estas axudas do Ministerio de Fomento.

Veciñanza lamenta a ausencia de ideas por parte do Goberno Municipal, de proxectos capaces de revitalizar o núcleo urbano de Cuntis e dotalo do dinamismo que tanto precisa. O aproveitamento do potencial turístico pasa pola conservación e a humanización de espazos, pero semella que o PSOE segue sen capacidade para revirar unha tendencia decadente e carente de iniciativas. A vocación de Veciñanza, dende a oposición, segue a ser a de achegar proxectos útiles e viables para os veciños e veciñas de Cuntis, coa única intención de que poidan saír adiante e presentar resultados positivos.